

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeiro/a, convocado pola Resolución do 15 de marzo de 2022.

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 15 de marzo de 2022 (DOG núm. 58, do 24 de marzo), modificada co fin de ampliar o número de prazas mediante as resolucións do 10 de xuño de 2022 (DOG núm. 116, do 17 de xuño) e do 30 de decembro de 2022 (DOG núm. 5, do 9 de xaneiro de 2023), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeira/o, dispón que, unha vez realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

De conformidade coa antedita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) as puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeira/o.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Non son obxecto de publicación as puntuacións provisionais da fase de concurso daqueles aspirantes que adquiriron a condición de persoal estatutario fixo na categoría de enfermeiro/a no Servizo Galego de Saúde, logo da finalización do proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, convocado pola Resolución do 26 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (DOG núm. 216, do 14 de no-



vembro), e resultan por tal motivo excluídos do proceso selectivo de concurso-oposición convocado pola Resolución de marzo de 2022 (DOG núm. 58, do 24 de marzo).

Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución do 15 de marzo de 2022, contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o respectivo tribunal de selección no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas da fase de concurso que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2024

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos

